



Estimado/a Presidente/a,

Como vostede sabe despois da comunicación remitida o 9 de xuño, a secretaría xeral para o deporte procederá a prorrogar por un ano o contrato do **seguro de accidente deportivo do programa XOGADE** que ten asinado coa compañía "Segurcaixa Adeslas" e que expiraba o vindeiro 14 de decembro de 2015.

O novo período de cobertura estenderase desde o **15 de decembro de 2015 ata o 14 de decembro de 2016** e, aínda que as coberturas da póliza e os centros médicos concertados continúan a ser os mesmos (achégase relación), prodúcese un cambio no que respecta á tramitación dos partes de accidente e á identificación dos deportistas á chegada aos centros médicos concertados.

NOVO PARTE DE ACCIDENTE

Coa entrada en vigor da nova póliza desaparecen os partes de accidente en papel e ditos partes pasarán a cumprimentarse polos responsables dos clubs, agrupacións deportivas ou federacións (segundo corresponda) directamente na páxina web de xogade (<http://xogade.xunta.gal>).

Unha vez cuberto e gardado, o parte quedará automaticamente rexistrado e **será enviado directamente á compañía aseguradora** sen necesidade de imprimilo nin de envialo aos centros médicos concertados. Será posible imprimir unha copia xustificativa de ter cuberto correctamente o parte.

Unicamente os responsables das entidades con clave de usuario da páxina web de XOGADE poderán cubrir os partes dos seus deportistas dispoñendo dun prazo máximo para facelo de **72 horas** tras recibir o lesionado a primeira asistencia médica (achégase documento no que se explica como obter a clave de usuario).

Se a compañía aseguradora detecta que non se cubriu o parte dentro do prazo establecido denegará calquera autorización de probas médicas, rehabilitación ou segundas asistencias e o centro médico procederá a facturar todos os servizos prestados ao accidentado.

CARNÉ DE BENEFICIARIO

Para o correcto funcionamento deste novo sistema é imprescindible que todos os deportistas estean dados de alta correctamente na páxina web de XOGADE e que impriman o carné que xera a aplicación informática cos datos do deportista (achégase documento no que se explica como obter o carné).

Este carné será requirido ao deportista a súa chegada aos centros médicos concertados sendo obrigatorio presentalo para poder recibir asistencia sanitaria.

O persoal dos centros concertados só autorizará a asistencia sanitaria sen presentar o carné nos casos de urxencia vital.

Desde o vindeiro 15 de novembro de 2015 e ata o 14 de decembro de 2015 será posible utilizar os partes de accidente tradicionais (en papel) ou cubrilos na páxina web de forma que os deportistas e responsables teñan tempo de familiarizarse co novo sistema.



A partir do 1 de xaneiro de 2016 só será posible cumprimentar os partes de accidente a través da páxina web de XOGADE, sendo obrigatorio tamén a partir deste momento a presentación do carné nos centros médicos concertados.

PASOS A SEGUIR POLAS FEDERACIÓNS

Os pasos a seguir polas federacións para que todo o proceso funcione correctamente son:

1. Inscribir a todos os deportistas federados de 6 a 16 anos na páxina web de XOGADE (non hai cambios no procedemento, sendo o mesmo que noutros anos).
2. Unha vez inscritos todos os deportistas a federación debe comunicar aos clubs que xa poden solicitar a clave de acceso e continuar o procedemento.

PASOS A SEGUIR POLAS ENTIDADES

Os pasos a seguir polas entidades para comprobar que todo funciona correctamente son:

1. Solicitar a clave de acceso á páxina web de XOGADE (segundo as instrucións adxuntas).
2. Comprobar que todos os deportistas da súa entidade figuran correctamente inscritos na páxina web de XOGADE.
3. Se todos os datos son correctos procédese a imprimir os carnés dos deportistas (segundo as instrucións adxuntas).
4. Unha vez descargados e impresos os carnés xa se pode comprobar que ao lado do nome de cada deportista aparece o botón "parte de accidente", o cal xa poderá ser cuberto en caso necesario.

Prégolle dea a máxima difusión posible destes cambios a todos os deportistas e clubs da súa federación co fin de que poidan adaptarse o antes posible ao novo sistema e que teñan a oportunidade de poñerse en contacto con esta Secretaría Xeral no caso de detectar calquera problema relacionado coas altas dos deportistas/clubs no programa, impresións de carnés ou ao cubrir os partes de accidente.

En caso de dúbida co funcionamento do novo sistema pode poñerse en contacto co Servizo provincial de deportes correspondente nos seguintes números de teléfono:

- **A Coruña:** 981 132 443 / 981 133 312
- **Lugo:** 982 294 559 / 982 294 566
- **Ourense:** 988 386 044 / 988 386 050
- **Pontevedra:** 886 206 527 / 886 218 285

En Santiago de Compostela a 10 de novembro de 2015.

Reciba un cordial saúdo,

Laura Mosquera Escudero

Subdirectora Xeral de Plans e Programas

Secretaría Xeral para o Deporte

